

OPE EXTRAORDINARIA 2022 DE ESTABILIZACIÓN

Santiago de Compostela 30/05/2022

Publicado hoxe o [Decreto de OPE de estabilización de emprego temporal, en desenvolvemento da Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.](#)

Cuantificación da oferta: O número de prazas que integran esta oferta ascende a un total de 7.038.

Anexo I: SISTEMA SELECTIVO CONCURSO

- Número de prazas das disposicións **adicionais sexta, sétima e oitava** da Lei 20/2021.
- Prazas que, reunindo os requisitos establecidos no seu artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 e sempre que tales prazas continuasen a estar ocupadas na data de entrada en vigor desta lei.
- Prazas da Administración xeral 4.158
- Prazas das entidades instrumentais 1.574.
- **Total anexo I: 5.732.**

Anexo II: SISTEMA SELECTIVO CONCURSO-OPOSICIÓN

- Número de prazas **artigo 2** da Lei 20/2021.
- Prazas de natureza estrutural, dotadas orzamentariamente, ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente como mínimo, nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020 e sempre que tales prazas continuasen a estar ocupadas na data de entrada en vigor desta lei.
- Prazas correspondentes á Administración xeral 483
- Prazas das entidades instrumentais 265.
- **Total anexo II: 748 prazas**

Anexo III: FUNCIONARIZACIÓN

- Número de prazas que corresponden co proceso de funcionarización ao abeiro do artigo 4 polo sistema de concurso-oposición. Un total de **281 prazas.**

Anexo IV: PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL

- Número de prazas que corresponden á promoción interna horizontal para o persoal laboral fixo, segundo o regulado no artigo 5, polo sistema de concurso-oposición.
- Un total de **277 prazas.**

PRAZAS	ADMINISTRACIÓN XERAL	ENTES INSTRUMENTAIS	TOTAL
ANEXO I: CONCURSO	4.158	1.574	5.732
ANEXO II: CONCURSO-OPOSICIÓN	483	265	748
ANEXO III: FUNCIONARIZACIÓN	281		281
ANEXO IV: PRO. INTERNA HORIZONTAL	75	202	277
	4.997	2.041	7.038